

Milica Djordjević (Belgrado, 1984). Graduada en composición pola Facultade de Música de Belgrado, onde tamén cursou estudos de gravación e produción musical. No Conservatoire National de Région de Strasbourg, con Ivan Fedele, remata os estudos de composición (2007/09). En París participa no curso de composición e informática musical do IRCAM (2009/10).

Recibiu entre outros os seguintes premios e recoñecementos: en 2012 gañou o concurso do Thailand International Composition Festival & Competition e recibiu o Nikola Tesla Award; en 2011 foi galardoada co primeiro premio ISA05 e o terceiro premio do YCM, encontro de compositores novos celebrado en Apeldoorn; en 2008 recibiu o Premio da Cidade de Estrasburgo e foi finalista do premio Staubach en Darmstadt; e en 2011 foi seleccionada para participar no festival ISCM World New Music Days.

A súa música foi interpretada e difundida en Europa, Asia e EUA. Desde 2011 é membro da asociación Klangnetz de Berlín e do Knowledge Committee de Serbia. Actualmente cursa estudos de posgraao na Hochschule für Musik Hanns Eisler de Berlín con Hanspeter Kyburz. Participou en numerosas *masterclasses*, cursos e festivais. Colabora con importantes *ensembles* e intérpretes: Arditti Quartet, musikFabrik, Neue Vocalsolisten, Ensemble Alternance, Ensemble l'Arsenale, Luca Pfaff, Jean Deroyer, Sylvio Gualda, Francesco Dillon e Orchestre National de Lorraine.
<http://www.milicadjordjevic.com>

Oriol Saladrígues (Barcelona, 1975). Iníciase na composición con Xavier Armenter e Josep Soler, e posteriormente con Luis Naón na ESMUC, Horacio Vaggione e José Manuel López López na Université Paris VIII, Yan Maresz no IRCAM, Michael Jarrell na HEM de Xenebra e Ivan Fedele na Accademia Nazionale di Santa Cecilia en Roma. Fôronlle concedidas as bolsas da Fundación "LaCaixa", da Cátedra Manuel de Falla, da Fundación Caja Madrid e da Real Academia Española en Roma, e traballou para as *ensembles* L'itinéraire, Contrechamps, Xenia e Vortex, entre outras.
<http://www.oriolsaladríguesbrunet.net/>

Sivan Cohen-Elias (Xerusalén, 1976). Actualmente o seu traballo céntrase na investigación da relación entre o movemento físico e o resultado sonoro. A súa música é interpretada e comisionada por *ensembles* como Klangforum Wien, Mosaik, Nickel, Windkraft, Meitar, Talea, Trio Amos... en espazos como o Impuls Festival (Graz), Ultraschall Festival (Berlín), Wien Modern (Vienna), Bang on a Can (Nova York), Klangspuren (Schwaz), Heidelberg Biennale, Tel Aviv Biennale, Warsaw Autumn (Warsaw). Foi gañadora do Impuls Competition en 2009, recibiu unha bolsa para asistir ao curso de Darmstadt en 2008 e recibiu encargos a través da Siemens Stiftung, entre outras.

Na actualidade realiza o doutoramento en composición na Universidade de Harvard baixo a tutela de Chaya Czernowin. Desde agosto deste ano está a gozar dunha estadia de dez meses na Akademie Schloss Solitude de Stuttgart.
<http://hgnm.org/2010/11/05/music—by—sivan—cohen—elias/>

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Joaquín Meijide *clarinete baixo* / Pablo Coello *saxofóns* / Thomas Piel *violonchelo* / David Durán *piano* / Ángel Faraldo *electrónica* / Carlos Álvarez-Ossorio *iluminación* / Ramón Souto *dirección artística*

MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea. Martes, 25 setembro 2012

Mesa redonda coa participación de Sivan Cohen-Elias
e Oriol Saladrígues, 18:30 h
Concerto, 20:30 h

EN CATRO MOVEMENTOS

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alex Hills *5 Resonance Studies** I, II* (2011)

piano

Teresa Carrasco *...tiempo** (2012)

saxofón tenor, piano e electrónica en vivo

Alex Hills *5 Resonance Studies III*

piano

Milica Djordjević *FAIL*** (2010)

violonchelo e electrónica en vivo

Alex Hills *5 Resonance Studies IV*

piano

Oriol Saladrígues *Marco que enmarca marco, que enmarca marco, etc... que no enmarca nada** (2012)

saxofón barítono, violonchelo e electrónica en vivo

Alex Hills *5 Resonance Studies V*

piano

Sivan Cohen-Elias *To Move You Stay** (2012)

clarinete baixo, saxofón alto, violonchelo e piano

Tempo, infinito, presenza, repetición. *Catro elementos que son realmente un só. O tempo sucede infinitamente, repetíndose coa súa presenza de forma infinita, sucedendo e definindo un lugar, a memoria, a historia, o esquecemento, o coñecemento, a vida. A memoria e o esquecemento constrúen a historia, o lugar e a repetición definen unha presenza, un corpo que cambia co tempo, unha presenza que é a nosa vida, unha vida que é unha continua e mecánica repetición. Tempo, repetición, infinito e presenza son catro, ou tal vez un só, elementos que delimitan, cercan, acoutan ou definen o traballo de Esther Ferrer.*

Rosa Olivares, no catálogo da exposición *Esther Ferrer. En catro movementos*

* Estrea absoluta. Encarga de Vertixe Sonora / **Presentación en España

A obra *To Move You Stay* foi financiada cunha bolsa da Akademie Schloss Solitude

Tempo, infinito, presenza, repetición interrelaciónanse neste programa con tres novas estreas absolutas encomendadas por *Vertixe Sonora* aos compositores Teresa Carrasco, Sivan Cohen-Elias e Oriol Saladrígues canda a presentación en España da música de Alex Hills e Milica Djordjević. Se a composición de Oriol Saladrígues se centra especificamente no concepto da *repetición* a partir da obra de Esther Ferrer, a de Teresa Carrasco explora o *tempo* en relación cos outros tres elementos. Sivan Cohen-Eliass constrúe a súa obra a partir do concepto de *presenza* cunha concepción coreográfica característica das súas últimas composicións, conectando así coa arte performativa de Esther Ferrer, mentres que a idea do *infinito* subxace nas obras escollidas por Alex Hills e Milica Djordjević para este concerto.

AS OBRAS

5 Resonance Studies. Durante estes últimos anos desenvolvín formas moi específicas de escritura para instrumentos de corda sobre a base dos harmónicos e da afinación naturais, pero as 88 teclas supostamente temperadas do piano (o meu instrumento) resístense a esta linguaxe. Estas pezas abordan as diferentes maneiras en que a *imaxe remanente* do son, do piano, pode ser modificada (a través de notas que se suxeitan silenciosamente, a través do pedal, tocando dentro do instrumento...) para prolongarse nun imaxinario tempo infinito.

Alex Hills

...tiempo. Aínda que a *ensemble* me asignou o concepto de *tempo* para este proxecto, a miña composición imbúese dos catro conceptos referentes na obra de Esther Ferrer que se interrelacionan entre si a partir da máis básica medida do tempo: a infinita repetición e presenza deste a través do reloxo. O traballo instrumental busca así repetitivas analoxías audíbles entre os instrumentos e o mecanismo sonoro dun reloxo.

As mostras de son utilizadas como parte do material sonoro da electrónica foron gravadas especialmente para este proxecto en marzo de 2012 no Deutsches Uhrenmuseum (Museo Alemán do Reloxo) en Furtwangen, que cedeu amablemente a súa colección de máis de sesenta reloxos históricos para este proxecto. Gustaríame agradecer aquí ao persoal do devandito museo a súa axuda e disposición, en especial ao seu director, o profesor Eduard C. Saluz, e ao seu restaurador, Matthias Hüttlin, así como a Ramón Souto e Vertixe Sonora, por faceren posible este proxecto.

Teresa Carrasco, 30 de Agosto de 2012. Freiburg im Breisgau

FAIL. Esta é unha peza sobre o fracaso, a tenacidade, a frustración... Tratar de facer algo *unha e outra* vez. E interrómtese cada vez. Porén continuamos intentándoo, malia que cada intento sexa máis duro e cada fracaso sexa aínda máis difícil e frustrante ca o anterior.

Milica Djordjević

Marco que enmarca marco, que enmarca marco, etc... que no enmarca nada. Esta obra parte dunha interpretación persoal sobre o traballo de Esther Ferrer e, máis concretamente, sobre o seu tratamento da repetición. A idea de repetición pode enfocarse de moitas maneiras, pode considerarse como un fenómeno que ocorre ou como un fenómeno que se percibe e cuxos límites son flexíbeis. É dicir, desde a repetición mecánica á non repetición existe unha marxe de diferenza tolerable dentro da cal podemos considerar que se produce, en efecto, unha repetición. Na obra de Ferrer, este concepto atópase intimamente ligado á idea de variación (a miúdo como permutacións na colocación ou na orde dos elementos). De feito é nun contexto repetitivo onde a variación pode cobrar maior relevo. Nesta peza (cuxo título se debe a unha obra de Ferrer) o meu propósito foi explorar o fenómeno da repetición desde o punto de vista da percepción, é dicir, explorando os seus límites perceptivos, sendo esta ás veces máis recoñecible e ás veces menos, pero sempre presente en todos os niveis da forma.

Oriol Saladrígues

To Move You Stay

This is the zone where your move stays / You move I / relocate myself into the move of you staying / inside the Out— of— Zone— B space / disappear to move you come back to / stay as still frictions' shreds

Presenza é o lugar onde está a túa mente. O teu corpo móvese, pode escorregar, ser empurrado e posuído por forzas externas, pero a mente pode existir nunha zona diferente, nunha realidade diferente, nun tempo e nun espazo diferentes. O cálculo non científico da túa presenza media é: $\text{aparencia física} + \text{forzas físicas externas} + \text{mente} - \text{zonas} = \text{a cantidade de presenza que tes nun momento específico}$.

Nesta peza a *presenza* é considerada como o lugar onde está a *non presenza*. O espazo flotante; a aparencia virtual; corpo non unificado; son forzas opostas e todas elas participan no proceso desta peza. O material sonoro deriva dunha máquina imaxinaria que é esgazada. Cada parte ten o seu propio son e o seu ritmo e é utilizada en diferentes lugares, distancias e espazos.

Sivan Cohen-Elias

OS COMPOSITORES

Alex Hills (Cambridge, 1974). A súa música foi interpretada por *ensembles* como Earplay, Either/Or, Mosaik e en outubro Plus-Minus estreará outra obra súa en Londres. Mantén estreitas colaboracións con intérpretes como o pianista Roderick Chadwick, a cantante Natalie Raybould, o violinista Aisha Orazbayeva e as chelistas Lucy Raiton e Severine Ballon.

Tras cursar estudos con Michael Finnissy en Londres e facer o doutoramento con Brian Ferneyhough en Stanford, coordina o programa de Análise e Teoría na Royal Academy of Music. É tamén profesor de piano e escribe unha columna mensual na revista de música rock e pop *Clash*.

<http://www.alexhills.com>

Teresa Carrasco (Oviedo, 1980). En 2003 obtivo o seu diploma en Pedagogía Musical no Conservatorio Liceo de Barcelona e fixo un Máster de Artes Dixitais na Universidade Pompeu Fabra, onde comezou os seus estudos de composición con medios electroacústicos da man do compositor Gabriel Brncic, traballando cunha bolsa de investigación no Music Technology Group.

Bolseira do Deutscher Akademischer Austauschdienst (DAAD), realizou estudos de posgrao na Hochschule für Gestaltung en Karlsruhe. Estudou composición cos profesores Erik Oña, Georg Friedrich Haas e Jakob Ullmann na Musik Akademie de Basilea, centrándose tanto na composición instrumental como na composición con medios electrónicos.

Participou en numerosos festivais e seminarios con compositores como Helmut Lachenmann, Brian Ferneyhough, Chaya Czernowin, György Kurtág, Beat Furrer, Mark Andre, Trevor Wishart, Peter Eövos, Kajia Saariaho ou Roland Moser. Foi finalista en varias competicións nacionais e internacionais, e en 2011 recibiu o primeiro premio de composición do Sperber Kollegium (Basilea). En 2012 foi seleccionada polo Internationales Musikinstitut Darmstadt.

As súas obras foron interpretadas en importantes salas de concertos a nivel internacional, destacando a Cité de la Musique en París, a XLVI edición dos cursos de verán *Internationale Ferienkurse für neue Musik* en Darmstadt, o ZKM Karlsruhe, o Theater der Künste en Zúric, o SARC de Belfast, o CCCB de Barcelona, o Círculo de Bellas Artes en Madrid, o Queen Elisabeth Hall de Londres, a Universidade de Birmingham, a Fonoteca Nacional de México DF, e a Northwestern University de Chicago. Na actualidade está a realizar o seu doutoramento na especialidade de composición na Universidade de Birmingham co profesor Jonty Harrison.

<http://www.tcarrasco.net>